

Acta núm. 16/2018.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 30 de outubro de 2018

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Luis Sampedro Bouzas.

José Pedro Cambón Fernández.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 30 de outubro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 10 de outubro de 2018.
- 2º.- Comunicacions previas (obras menores).
- 3º.- Licenzas de obra maior.
- 4º.- Licenzas de segregación.
- 5º.-Comunicación previa (actividade)
- 6º.- Rogos e preguntas

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2018.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 10 de outubro de 2018, acta núm. 15/2018.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROGELIO DIAZ VILARELLE, con domicilio en Babenzo 27, Bastavales, na que comunica que vai construír un peche de aproximadamente 69 metros, en contacto coa vía pública, con tres filas de bloques de formigón e arame ata unha altura total de 1,60 m. aproximadamente, deixando unha entrada a cada lado da parcela de Babenzo 27, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A altura da parte opaca do muro non será maior de 1,20 m. con respecto á rasante natural do terreo.

.- Os bloques estarán convenientemente revestidos e pintados.

.- A separación do peche ao eixo do camiño será de 5,50 m. no lado sur e de 4 m. no lado leste da parcela.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CRISTINA BECERRA PEDRARES, con domicilio en Nináns 21, Luaña, na que comunica que vai limpar, reparar e pintar as fachadas da vivenda de Nináns 21, Luaña, en cor branco.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SUSANA BLANCO CAMIÑO, con domicilio en Bemil 28, Bastavales, na que comunica que vai construír un peche de aproximadamente 95 metros, en contacto coa vía pública, con dúas filas de bloques de formigón e arame, en Bemil 28, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A altura da parte opaca do muro non será maior de 1,20 m. e a altura total será máximo de 1,80 m. con respecto á rasante natural do terreo.

.- Os bloques estarán convenientemente revestidos e pintados.

.- A separación do peche ao eixo do camiño será de 4 m.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FERNANDO LUEIRO BARBAZAN, con domicilio en Mourentáns 26, Viceso, na que comunica que vai limpar, reparar e pintar as fachadas da vivenda sita de Mourentáns 26, Viceso.

A edificación emprázase dentro do ámbito do solo de núcleo rural (NRO-1) e atópase dentro da aldea de Mourentáns, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM: VE2, pero en base á Instrución do 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, recomendando a utilización das cores recollidas na: Guía de cor e materiais de Galicia, para as edificacións anteriores ao ano 1.960.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTIA MATO BOUZAS, con domicilio en Mato 16, Luaña, na que comunica que vai construír un peche de 22 metros de lonxitude, que linda coa vía pública, con postes e arame; ademais de arranxar uns chanzos existentes de acceso ao terreo, en Mato, Luaña.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A altura total do muro non superará 1,80 m. medidos desde a rasante natural do terreo.

.- O peche afastarase 6 m. do eixo do vial.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL VIDAL CAJUSO, con domicilio en Fonte Paredes 16, Ons, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Fonte Paredes 16, Ons:

.- Reparar a cuberta da vivenda substituíndo a tella existente por tella nova, sen incrementar o seu volume e colocando un novo canalón de aluminio.

.- Limpeza e pintado das fachadas da vivenda.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural consolidado pola edificación (NRO-1) e sitúase a menos de 50 metros da vivenda de Fonte Paredes, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM: OE11, pero en base á Instrución do 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, recomendando a utilización das cores recollidas na: Guía de cor e materiais de Galicia, para as edificacións posteriores ao ano 1.960.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DEL CARMEN CRISMAN CARBIA, con domicilio en Reboredo Grande 3, Bastavales, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Reboredo Grande 3, Bastavales, substituíndo o material de cubrición (uralita) e colocando tella, sen incrementar o seu volume.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN MARTINEZ SUAREZ, con domicilio en Bemil 29, Bastavales, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Bemil 29, Bastavales colocando tella como material de cubrición, por enriba da uralita existente, sen incrementar o seu volume.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Katia García Abelleira, actuando en nome e representación da COMUNIDADE HEREDITARIA DE JOSE GARCIA LOPEZ, con domicilio na Rúa Montero Ríos 33, 4ºH, Santiago de Compostela, na que comunica que vai facer obras de mantemento e conservación do peche situado en Bemil 33, Bastavales, sen aumentar a altura actual.

A parcela emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA TERESA RIAL GONZALEZ e JOSE MANUEL FERNANDEZ REY, con domicilio na Rúa Chavián 2, escaleira 3, 2ºE, Ames, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar e unha edificación auxiliar en Brans de Abaixo 34, Brión, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Oscar Real Villapalos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17.09.2018.

A parcela onde se pretenden executar as obras é resultado da segregación da parcela 6470106NH2476S0001TD, con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local o 09/05/2018, e está situada en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Oscar Real Villapalos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17.09.2018.
 - . Como garantía da urbanización do espazo de cesión dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (17,61m²) que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizos (abastecemento, saneamento, pluviais e alumado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
 - . Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
 - . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
 - . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
 - . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
 - . Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
 - . Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
 - . Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
 - . Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
 - . Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).
- Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Xavier Liñares Túdez, que di actuar en representación de IRIA PEREZ PATO e MARCOS DE LA VEGA SECO, con domicilio na Urb. Monte Balado 32, baixo A, Os Ánxeles, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar no Outeiro 42, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado por Salgado e Liñares Arquitectos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01.08.2018 e documentación complementaria visada o 18.10.2018.

A parcela con referencias catastrais nº 7942606NH2474S0001KW e nº 15013B505011170000ME, onde se pretenden executar as obras, situase en dúas clasificacións de solo: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2 do PXOM e solo rústico de protección das augas. A edificación situarase sobre a parte clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, cunha superficie de 1.330,00 m².

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado por Salgado e Liñares Arquitectos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01.08.2018 e documentación complementaria visada o 18.10.2018.
- . Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeados públicos), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- . Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.
- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 34 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL SANCHEZ PATRON, con domicilio no Rial, Os Ánxeles, na que solicita licenza de agrupación e posterior segregación das parcelas con referencias catastrais 15013B505010990000MG, 8441901NH2484S0001PY e 15013B505020910000MJ, situadas no Rial, Os Ánxeles, segundo proxecto modificado para a agrupación e segregación de parcelas, redactado pola enxeñeira técnica agrícola Cristina Sánchez Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 31/07/2018, visado número CO-20180104 MODIFICADO.

Descrición das parcelas de orixe:

Finca orixe 1: Parcela 1.099 de concentración parcelaria dos Ánxeles, cunha superficie total de 2.100 m².

Parte con referencia catastral nº 15013B505010990000MG, de 959 m², dentro da delimitación de solo clasificado como rústico de protección agropecuaria.

O resto, con referencia catastral nº 8441901NH2484S0001PY, de 1.141 m², dentro do solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Sobre esta parcela hai varias edificacións dedicadas a vivenda e almacéns.

Lindes:

Norte: Maximino Verde Freire (parcela 1100).

Sur: Pedro Sánchez Sánchez (1099-bis), agora Manuel Sánchez Patrón.

Leste: camiño existente e parcela excluída de concentración parcelaria de Manuel Sánchez Patrón.

Oeste: José García Giménez (1101).

Finca orixe 2: Parcela 1.099 bis de concentración parcelaria dos Ánxeles, cunha superficie total de 2.298 m²:

Parte con referencia catastral nº 15013B505020910000MJ, de 2.105 m², dentro da delimitación de solo clasificado como rústico de protección agropecuaria.

O resto, con referencia catastral nº 8441901NH2484S0001PY, de 193 m², dentro do solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

Sobre esta finca hai parte dunha edificación dedicada a almacén.

Lindes:

Norte: Pedro Sánchez Sánchez (1099), agora Manuel Sánchez Patrón.

Sur: terreo excluído de concentración parcelaria propiedade de Manuel Sánchez Patrón.

Leste: camiño existente e parcela excluída de concentración parcelaria de Manuel Sánchez Patrón.

Oeste: terreo excluído de concentración parcelaria propiedade de Manuel Sánchez Patrón.

Finca orixe 3: parcela excluída de concentración parcelaria.

Parcela con referencia catastral nº 8441901NH2484S0001PY, dunha superficie de 92 m², dentro do solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

Sobre esta parcela hai parte de unha edificación dedicada a almacén.

Lindes:

Norte: Pedro Sánchez Sánchez (1099), agora Manuel Sánchez Patrón.

Sur: Pedro Sánchez Sánchez (1099-bis), agora Manuel Sánchez Patrón.

Leste: camiño existente.

Oeste: Pedro Sánchez Sánchez (1099) e (1099-bis), agora Manuel Sánchez Patrón.

Primeira segregación pretendida por declaración de innecesiedade:

Segregase a finca orixe 1 en dúas: Parcela segregada 1 e Parcela A (resto da finca orixe de 1.141m²).

Parcela segregada 1:

Superficie: 959 m².

Casificación urbanística: solo rústico de protección agropecuaria.

Lindes:

Norte: Maximino Verde Freire (parcela 1100).

Sur: parcela segregada 2, procedente desta segregación.

Leste: resto de finca orixe 1 (parcela A), procedente desta segregación.

Oeste: José García Giménez (1101).

Parcela A (resto da finca de orixe):

Superficie: 1141 m²

Linda:

Norte: Maximino Verde Freire (1100)

Sur: resto da finca de orixe 2 (parcela B), procedente desta segregación.

Leste: camiño existente e parcela de orixe 3.

Oeste: parcela segregada 1, procedente desta segregación.

Sobre esta finca hai varias edificacións dedicadas a vivenda e almacén.

Segregase a finca orixe 2 en dúas: Parcela segregada 2 e Parcela B (resto da finca orixe 2 de 193 m²)

Parcela segregada 2:

Superficie: 2.105 m².

Clasificación urbanística: solo rústico de protección agropecuaria.

Lindes:

Norte: parcela segregada 1 e resto da finca orixe 2, procedentes desta segregación.

Sur: terreo excluído de concentración parcelaria propiedade de Manuel Sánchez Patrón.

Leste: resto de finca orixe 2 (parcela B), procedente desta segregación e camiño.

Oeste: terreo excluído de concentración parcelaria propiedade de Manuel Sánchez Patrón.

Parcela B (resto da finca de orixe):

Superficie: 193 m²

Linda:

Norte: resto da finca de orixe 1 (parcela A), procedente desta segregación e parcela de orixe 3.

Sur: parcela segregada 2, procedente desta segregación.

Leste: camiño existente e parcela de orixe 3.

Oeste: parcela segregada 2, procedente desta segregación.

Sobre esta finca hai parte dunha edificación dedicada a almacén.

Agrupación pretendida:

Agrúpase a parcela A (resto de finca de orixe 1), parcela B (resto de finca de orixe 2) e parcela de orixe 3, que pasa a denominarse parcela C.

Superficie: 1426 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL -1.

Sobre esta parcela hai varias edificacións dedicadas a vivenda e almacéns.

Segunda segregación pretendida:

Segregase a parcela C nas parcela D e parcela E.

Parcela D:

Superficie bruta: 426 m²

Superficie de cesión: 13,15 m².

Superficie neta: 412,85 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-1.

Lindes:

Norte: Maximino Verde Freire (parcela 1100).

Sur: parcela E (resto da finca resultante da agrupación), procedente desta segregación.

Leste: parcela cesión e parcela E, procedente desta segregación.

Oeste: parcela segregada 1, procedente desta segregación.

Parcela E:

Superficie bruta: 1.000 m²

Superficie de cesión: 68,37 m².

Superficie neta: 931,63 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-1.

Lindes:

Norte: parcela neta D, procedente desta segregación.

Sur: parcela segregada 2, procedente desta segregación.

Leste: parcela cesión e camiño.

Oeste: parcela neta D, parcela segregada 1 e parcela segregada 2, procedentes desta segregación.

Sobre esta parcela hai varias edificacións dedicadas a vivenda e almacéns que ocupan unha superficie en planta de 305 m² e que teñen unha superficie construída total de 400 m².

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar as cesións dos terreos das seguintes superficies: 13,15 m² e 68,37m², destinados a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCOS TOURIÑO SILVA, con domicilio na Rúa da Senra 9, baixo, Os Ánxeles, para ampliar a actividade de taller de lavado de coches a taller de lavado e reparación de vehículos automóbiles, ramas de mecánica e electricidade, na Rúa Senra 9, baixo, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 06.06.2018 concedeulle a Marcos Touriño Silva, licenza de obra para acondicionar o local para ampliar a actividade.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal no que se sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación de acordo co artigo 25.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, toma coñecemento da comunicación efectuada e autoriza, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a apertura do establecemento dedicado a taller de lavado e reparación de vehículos automóbiles, ramas de mecánica e electricidade, na Rúa Senra 9, baixo, Os Ánxeles. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González